

ACTA NÚMERO: 08/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 3 DE MARZO DE 2022.

Na sala de xuntas do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 3 de marzo de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- Dona Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Dona Alma Pérez Aguiño, Administrativa do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Antonio Torrón Casal, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior do día 24 de febreiro de 2022 (Reunión 07/2022).*
2. *Proposta de adxudicación do procedemento restrinxido convocado para a contratación do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do destino Rías Baixas. (Expte.- 2021038283).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Depo en marcha 2022". (Expte.- 2021050862)*
4. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Depo en marcha 2022". (Expte.- 2021050862).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Deputado do Grupo Provincial do PP e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.



1. Aprobación da acta da reunión anterior do día 24 de febreiro de 2022 (Reunión 07/2022).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente o día, 24 de febreiro de 2022 (Reunión 07/2022).

2. Proposta de adxudicación do procedemento restrinxido convocado para a contratación do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do destino Rías Baixas. (Expte.-2021038283).

Por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión do día 8 de outubro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento restrinxido, do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas. O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar no Suplemento ó Diario Oficial da Unión Europea con data 14 de outubro de 2021, aparecendo publicado o día 19 de outubro de 2021 (Anuncio 2021/S 203-530526). Así mesmo publicouse anuncio no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18 de outubro de 2021, e tamén os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento restrinxido.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL e a Mesa de Contratación na reunión do día 18 de novembro de 2021 procedeu á apertura das solicitudes de participación e acordou admitir ás presentadas dentro do prazo establecido polas empresas ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU (NIF: B-27786045) e ANÓNIMO ADVERTISING, S.L.. (NIF: B-36721900). Asimesmo, acordou non admitir a solicitude de participación da empresa, ICONWEB AGENCIA DE DISEÑO Y MARKETING, S.L. (NIF: B94093135) por figurar a súa solicitude como presentada fóra do prazo establecido ao efecto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 2 de decembro de 2021 procedeu a cualificar a documentación acreditativa da personalidade e solvencia das citadas empresas e, a vista da mesma e de conformidade co establecido nas cláusulas do prego económico administrativo, acordou propoñer o órgano de contratación a exclusión deste procedemento da empresa ANÓNIMO ADVERTISING, S.L. (NIF: B-36721900) e que se convide á empresa ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU (NIF: B-27786045) a presentar a proposición, no prazo de 25 días contados desde a data do envío da invitación, a través da Plataforma de Licitación Electrónica VORTAL, e nos termos establecidos no prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.



A Xunta de Goberno na sesión do día 23 de decembro de 2021 acordou excluír do procedemento á empresa Anónimo Advertising, S.L. (NIF: B36721900) ao non acreditar a solvencia técnica necesaria para participar no mesmo e invitar á empresa Esmerarte Industrias Creativas SLU (NIF: B-27786045) a presentar proposición para optar a adxudicación do contrato correspondente ao servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas. Esta invitación realizouse a través da plataforma de licitación electrónica da Deputación de Pontevedra en data 27 de decembro de 2021, presentando a empresa Esmerarte Industrias Creativas SLU a proposición dentro do prazo establecido.

A Mesa de Contratación, na reunión do día 28 de xaneiro de 2022, procedeu á apertura do sobre “B”, documentación técnica, aportada pola citada empresa, remitindo dita documentación ao Servizo de Turismo Rías Baixas, para que avaliasen e ponderasen a proposta ofertada seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento restrinxido.

A Xefa do Servizo Turismo Rías Baixas, Ruth González Reyes, en data 10 de febreiro de 2022 emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada pola empresa Esmerarte Industrias Creativas SLU (NIF: B-27786045).

A Mesa de Contratación, na reunión do día 17 de febreiro de 2022, en base ó informe da Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, con data 10 de febreiro de 2022, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas pola empresa admitida neste procedemento, Esmerarte Industrias Creativas SLU (NIF: B-27786045) e que foron as seguintes:

Criterios de valoración mediante xuízo de valor	Esmerarte Industrias Creativas SLU
Desenvolvemento da creatividade dun vídeo, ata un máximo de 15 puntos.	10
Desenvolvemento do acto de presentación en FITUR, ata un máximo de 15 puntos.	7
PUNTUACIÓN SOBRE “B”	17

A Mesa de Contratación na reunión do día 17 de febreiro de 2022, tamén procedeu a efectuar a apertura electrónica dos sobres “C” da empresa que continua no procedemento, Esmerarte Industrias Creativas SLU (NIF: B-27786045). Os valores ofertados foron os seguintes:

Concepto	Prezo unitario OFERTA (sen IVE)	IVE (21%)	Prezo unitario OFERTA (con IVE)	OFERTA TOTAL (sen IVE)



CREATIVIDADE E DESEÑO DA CAMPAÑA				
CREATIVIDADE, DESEÑO E PRODUCCIÓN DE EXPERIENCIAS	4.000,00 €	840,00 €	4.840,00 €	4.000,00 €
Microvídeo-reportaxe de experiencias con figurantes	1.300,00 €	273,00 €	1.573,00 €	7.800,00 €
Microvídeo-reportaxe de experiencias sen figurantes	1.000,00 €	210,00 €	1.210,00 €	6.000,00 €
Reportaxes fotográficas de experiencias con figurantes	1.000,00 €	210,00 €	1.210,00 €	6.000,00 €
Reportaxes fotográficas de experiencias sen figurantes	500,00 €	105,00 €	605,00 €	3.000,00 €
Outras pezas e soportes de publicidade e promoción para medios on line ou off line de experiencias (gráfica ou dixital)	200,00 €	42,00 €	242,00 €	2.400,00 €
CREATIVIDADE, DESEÑO E PRODUCCIÓN DE VÍDEOS E MICROVÍDEOS-REPOSTAXE DA CAMPAÑA				
Vídeo e microvídeo-reportaxe da campaña	15.600,00 €	3.276,00 €	18.876,00 €	15.600,00 €
Vídeo temático da campaña	13.300,00 €	2.793,00 €	16.093,00 €	13.300,00 €
Microvídeos-reportaxe temáticos da campaña	1.000,00 €	210,00 €	1.210,00 €	2.000,00 €
CREATIVIDADE, DESEÑO E PRODUCCIÓN DE ELEMENTOS PROMOCIONAIS E ADAPTACIÓNS				
Elementos promocionais gráficos (cada elemento a un tamaño)	170,00 €	35,70 €	205,70 €	3.400,00 €
Elementos promocionais dixitais (cada elemento a un tamaño)	200,00 €	42,00 €	242,00 €	3.400,00 €
Cuña de Radio	670,00 €	140,70 €	810,70 €	670,00 €
Merchandising para o lanzamento da campaña	28,00 €	5,88 €	33,88 €	11.200,00 €
Merchandising para o resto do ano (so creatividade e deseño)	1.100,00 €	231,00 €	1.331,00 €	1.100,00 €
Adaptación gráfica de elementos promocionais	75,00 €	15,75 €	90,75 €	3.750,00 €
Adaptación dixital de elementos promocionais	104,00 €	21,84 €	125,84 €	3.120,00 €
CREATIVIDADE, DESEÑO, PRODUCCIÓN E EXECUCIÓN DO ACTO DE PRESENTACIÓN EN FITUR				
Creatividade e deseño do acto de presentación en FITUR	3.300,00 €	693,00 €	3.993,00 €	3.300,00 €
Produción e xestión dos traballos de presentación (guión, escaleta, persoa quen presenta e outras persoas a intervir,...)	9.000,00 €	1.890,00 €	10.890,00 €	9.000,00 €
Produción de elementos promocionais	2.200,00 €	462,00 €	2.662,00 €	2.200,00 €
Reprodución do acto de presentación en streaming TV	3.300,00 €	693,00 €	3.993,00 €	3.300,00 €
Reprodución, coordinación e dirección de produción do acto	9.000,00 €	1.890,00 €	10.890,00 €	9.000,00 €
			OFERTA TOTAL (sen IVE)	113.540,00 €
			IVE(21%)	23.843,40 €
			OFERTA TOTAL (IVE engadido)	137.383,40 €



Experiencia do equipo mínimo superior á establecida nos pregos:

	Traballos	Nº de traballos
Persoa directiva creativa	De creatividade de campañas de destinos turísticos	12
	De actos de presentación de campañas de destinos turísticos	11
Persoa produtora	Produción de vídeos promocionais turísticos para campañas de destinos turísticos	6
	Produción de vídeos promocionais turísticos para actos de presentación de campañas de destinos turísticos	10
Persoa coordinadora	Coordinación, xestión e execución de actos de presentación de campañas de destinos turísticos	23
Persoa deseñadora gráfica	De creatividade de campañas de destinos turísticos	11
	De actos de presentación de campañas de destinos turísticos	3

- Número de tamaños nos elementos promocionais gráficos ofertados: cada elemento a dous tamaños.
- Número de tamaños nos elementos promocionais dixitais ofertados: cada elemento a dous tamaños.
- Número de unidades de merchandising para o acto de FITUR ofertadas: ata 400 unidades.
- Número de unidades de adaptacións gráfica de elementos promocionais ofertados: entre 51 e 55.
- Número de unidades de adaptacións de elementos de promoción e comunicación dixitais ofertados: entre 31 e 35.

A Mesa de Contratación tamén facultou ao secretario para que, de resultar esta oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre C de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas da empresa Esmerarte Industrias Creativas SLU (NIF: B-27786045) sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

	Esmerarte Industrias Creativas SLU
SOBRE C	
1.- Menores prezos unitarios ofertados, ata un máximo de 31 puntos.	0
2.- Experiencia do persoa directiva creativa superior á mínima establecida neste prego, ata un máximo de 6 puntos.	5,75



3.- Experiencia da persoa realizadora superior á mínima establecida neste prego, ata un máximo de 6 puntos.	4
4.- Experiencia da persoa coordinadora superior á mínima establecida neste prego, ata un máximo de 6 puntos.	5,75
5.- Experiencia da persoa deseñadora gráfica superior á mínima establecida neste prego, ata un máximo de 6 puntos.	3,5
6.- Número de tamaños nos elementos promocionais gráficos, ata un máximo de 3 puntos.	0,5
7.- Número de tamaños nos elementos promocionais dixitais, ata un máximo de 3 puntos.	0,5
8.- Número de unidades de merchandising para o acto de FITUR, ata un máximo de 3 puntos.	0
9.- Número de unidades de adaptacións gráfica de elementos promocionais, ata un máximo de 3 puntos.	1
10.- Número de unidades de adaptacións de elementos de promoción e comunicación dixitais, ata un máximo de 3 puntos.	1
PUNTUACIÓN SOBRE "C"	22

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento restrinxido convocado para a contratación do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do destino Rías Baixas, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU (NIF: B-27786045)	17	22	39

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso á Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adjudicación do procedemento restrinxido convocado para a contratación do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do destino Rías Baixas á empresa, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU (NIF: B-27786045) de acordo co seguinte detalle:

Concepto	Prezo unitario OFERTA (sen IVE)	IVE (21%)	Prezo unitario OFERTA (con IVE)	OFERTA TOTAL (sen IVE)



CREATIVIDADE E DESEÑO DA CAMPAÑA				
CREATIVIDADE, DESEÑO E PRODUCCIÓN DE EXPERIENCIAS	4.000,00 €	840,00 €	4.840,00 €	4.000,00 €
Microvídeo-reportaxe de experiencias con figurantes	1.300,00 €	273,00 €	1.573,00 €	7.800,00 €
Microvídeo-reportaxe de experiencias sen figurantes	1.000,00 €	210,00 €	1.210,00 €	6.000,00 €
Reportaxes fotográficas de experiencias con figurantes	1.000,00 €	210,00 €	1.210,00 €	6.000,00 €
Reportaxes fotográficas de experiencias sen figurantes	500,00 €	105,00 €	605,00 €	3.000,00 €
Outras pezas e soportes de publicidade e promoción para medios on line ou off line de experiencias (gráfica ou dixital)	200,00 €	42,00 €	242,00 €	2.400,00 €
CREATIVIDADE, DESEÑO E PRODUCCIÓN DE VÍDEOS E MICROVÍDEOS-REPOSTAXE DA CAMPAÑA				
Vídeo e microvídeo-reportaxe da campaña	15.600,00 €	3.276,00 €	18.876,00 €	15.600,00 €
Vídeo temático da campaña	13.300,00 €	2.793,00 €	16.093,00 €	13.300,00 €
Microvídeos-reportaxe temáticos da campaña	1.000,00 €	210,00 €	1.210,00 €	2.000,00 €
CREATIVIDADE, DESEÑO E PRODUCCIÓN DE ELEMENTOS PROMOCIONAIS E ADAPTACIÓNS				
Elementos promocionais gráficos (cada elemento a un tamaño)	170,00 €	35,70 €	205,70 €	3.400,00 €
Elementos promocionais dixitais (cada elemento a un tamaño)	200,00 €	42,00 €	242,00 €	3.400,00 €
Cuña de Radio	670,00 €	140,70 €	810,70 €	670,00 €
Merchandising para o lanzamento da campaña	28,00 €	5,88 €	33,88 €	11.200,00 €
Merchandising para o resto do ano (so creatividade e deseño)	1.100,00 €	231,00 €	1.331,00 €	1.100,00 €
Adaptación gráfica de elementos promocionais	75,00 €	15,75 €	90,75 €	3.750,00 €
Adaptación dixital de elementos promocionais	104,00 €	21,84 €	125,84 €	3.120,00 €
CREATIVIDADE, DESEÑO, PRODUCCIÓN E EXECUCIÓN DO ACTO DE PRESENTACIÓN EN FITUR				
Creatividade e deseño do acto de presentación en FITUR	3.300,00 €	693,00 €	3.993,00 €	3.300,00 €
Produción e xestión dos traballos de presentación (guión, escaleta, persoa quen presenta e outras persoas a intervir,...)	9.000,00 €	1.890,00 €	10.890,00 €	9.000,00 €
Produción de elementos promocionais	2.200,00 €	462,00 €	2.662,00 €	2.200,00 €
Reprodución do acto de presentación en streaming TV	3.300,00 €	693,00 €	3.993,00 €	3.300,00 €
Reprodución, coordinación e dirección de produción do acto	9.000,00 €	1.890,00 €	10.890,00 €	9.000,00 €
			OFERTA TOTAL (sen IVE)	113.540,00 €
			IVE(21%)	23.843,40 €
			OFERTA TOTAL (IVE engadido)	137.383,40 €



Experiencia do equipo mínimo superior á establecida nos pregos:

	Traballos	Nº de traballos
Persoa directiva creativa	De creatividade de campañas de destinos turísticos	12
	De actos de presentación de campañas de destinos turísticos	11
Persoa produtora	Produción de vídeos promocionais turísticos para campañas de destinos turísticos	6
	Produción de vídeos promocionais turísticos para actos de presentación de campañas de destinos turísticos	10
Persoa coordinadora	Coordinación, xestión e execución de actos de presentación de campañas de destinos turísticos	23
Persoa deseñadora gráfica	De creatividade de campañas de destinos turísticos	11
	De actos de presentación de campañas de destinos turísticos	3

- Número de tamaños nos elementos promocionais gráficos ofertados: cada elemento a dous tamaños.
- Número de tamaños nos elementos promocionais dixitais ofertados: cada elemento a dous tamaños.
- Número de unidades de merchandising para o acto de FITUR ofertadas: ata 400 unidades.
- Número de unidades de adaptacións gráfica de elementos promocionais ofertados: entre 51 e 55.
- Número de unidades de adaptacións de elementos de promoción e comunicación dixitais ofertados: entre 31 e 35.

3. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Depo en marcha 2022". (Expte.- 2021050862).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 11 de febreiro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Depo en marcha 2022.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14/02/2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un



certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e a continuación procédese á descifrado e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- FOROX INNOVACION SLU (CIF B-36.136.473-T).
- CAMPA FORMACION E INTERVENCION SOCIOEDUCATIVA SL (CIF B-15.666.944).
- XESTIÓN CULTURAL AUREA SL.(CIF B-36.394.203).

4. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa "Depo en marcha 2022". (Expte.- 2021050862).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14/02/2022 e que a Mesa de Contratación na reunión do día 3 de marzo de 2022 procedeu a efectuar a apertura dos sobres A correspondente a documentación administrativa, sendo as empresas admitidas a licitación as seguintes:

- FOROX INNOVACION SLU (CIF B-36.136.473-T).
- CAMPA FORMACION E INTERVENCION SOCIOEDUCATIVA SL (CIF B-15.666.944).
- XESTIÓN CULTURAL AUREA SL.(CIF B-36.394.203).



A continuación o Secretario da Mesa accede a plataforma de licitación electrónica Vortal coa súa clave personal, quedando garantidas todas as súas actuacións, mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede a descrición e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondente ós criterios de valoración automática presentada polas empresas admitidas ó procedemento aberto convocado para a contratación do devandito servizo.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Empresa: Xestión Cultural Aurea SL (CIF B-36.394.203)

1.-Prezo ofertado (por obradoiro).

Prezo ofertado por obradoiro(sen iva):927,63 €

IVE (..... %): 194,80 €

Prezo ofertado por obradoiro (IVE incluído)1.122,43 €

2.- Compromiso de aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adjudicataria, naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade.

	SI	NON
A empresa comprométese a aportación dunha persoa docente de apoio ao titular naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade	X	<input type="checkbox"/>

3.-Oferta de saída na temática Aprendendo na natureza “Plantas medicinais”

	SI	NON
A empresa oferta unha saída na temática Aprendendo na natureza “Plantas medicinais”	X	<input type="checkbox"/>

4.- Disposición para o papel utilizado no material didáctico dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de



novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.

	SI	NON
A empresa, respecto ao papel utilizado no material didáctico dispón dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.	X	<input type="checkbox"/>

Empresa : Forox Innovación SLU (CIF B-36.136.473-T)

1.-Prezo ofertado por obradoiro

Prezo ofertado por obradoiro(sen iva):1.083,00 €

IVE (21%): 227,43 €

Prezo ofertado por obradoiro (IVE incluído)1.310,43 €

2.- Compromiso de aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adjudicataria, naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade.

	SI	NON
A empresa comprométese a aportación dunha persoa docente de apoio ao titular naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade	X	<input type="checkbox"/>

3.-Oferta de saída na temática Aprendendo na natureza “Plantas medicinais”

	SI	NON
A empresa oferta unha saída na temática Aprendendo na natureza “Plantas medicinais”	X	<input type="checkbox"/>



4.- Disposición para o papel utilizado no material didáctico dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.

	SI	NON
A empresa, respecto ao papel utilizado no material didáctico dispón dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.	X	<input type="checkbox"/>

Empresa: Campa Formación e intervención socioeducativa SL (CIF B-15.666.944)

1.- Prezo ofertado (por obradoiro).

Prezo ofertado por obradoiro(sen iva):1.093,95 €

IVE (..... %): 229,73 €

Prezo ofertado por obradoiro (IVE incluído)1.323,68 €

2.- Compromiso de aportación dun/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adjudicataria, naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade.

	SI	NON
A empresa comprométese a aportación dunha persoa docente de apoio ao titular naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade	X	<input type="checkbox"/>



3.-Oferta de saída na temática Aprendendo na natureza “Plantas medicinais”

	SI	NON
A empresa oferta unha saída na temática Aprendendo na natureza “Plantas medicinais”	X	<input type="checkbox"/>

4.- Disposición para o papel utilizado no material didáctico dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.

	SI	NON
A empresa, respecto ao papel utilizado no material didáctico dispón dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.	X	<input type="checkbox"/>

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar estas ofertas incursas en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta e catro minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

